

## COMUNICADO

A tan demandada casa da Xuventude segue a ser un proxecto de futuro e non unha realidade no Carballiño.

Pese a que se ven demandando dende as distintas agrupacións políticas, inclusive indo nos seus programas electorais, e dende distintos colectivos do Carballiño, nada se ten feito.

Sin ir moi lonxe no anterior mandato Alternativa Veciñal, presentaba unha moción na que se solicitaba a creación da mesma, e inclusive se presentou e defendeu unha proposición non de lei para debate en Comisión da creación da mesma no Parlamento Galego por deputadas do Grupo Común da Esquerda.

A moción presentada a pleno no Concello de O Carballiño foi aprobada pero nunca executada e o proxecto presentado no Parlamento Galego tampouco prosperou ao ter o voto en contra do PP (no Carballiño PP vota a favor e no Parlamento vota en contra con total normalidade...).

Estes últimos días dúas agrupacións xuvenís, XUCA e ASEGAL súmanse a esta demanda emprazando publicamente ao actual grupo de goberno socialista a creación da mesma.

Fronte a presión de estas asociacións o actual grupo de goberno do PSOE a través do seu concelleiro de Cultura, ven de anunciar que por fin, se creará a Casa da Xuventude para o vindeiro ano (sic).

Unha moi boa noticia si non fose por onde din que se vai ubicar: no edificio da Casa da Cultura. Máis concretamente na cuarta planta, onde din, dende o grupo de goberno, funciona (por dicir algo) a Biblioteca Municipal.

Unha biblioteca que a día de hoxe, pese aos esforzos do persoal asignados a dito servizo por sacar adiante o bo funcionamento da mesma, o olvido constante de este servizo por parte do grupo de goberno ten baixo mínimos e totalmente desatendido. Pero este é outro tema.

Ubicando a futura Casa da Xuventude na cuarta planta da Casa da Cultura non se lle pon ningunha solución real a demanda que se ven pedindo.

Uns 100 metros cadrados en un edificio pechado non poden dar demanda suficiente a distintas salas coma:

1. Salas de estudio e lectura;
2. Sala de xogos;
3. Salas de actividades deportivas;
4. Sala de informática e actividades telemáticas;
5. Salas de proxeccións e actividades audiovisuais;
6. Salas de ensaios musicais;
7. Salón de xuntanzas ou outras celebracións.

Evidentemente, ditas salas teñen que poder dar cobertura a actividades coma:

1. Cursos formativos e de ocio ao longo do ano
2. Obradoiros: cine, fotografía, tecnoloxía, manualidades, marquetería, xardinaría, cociña, programación,....
3. Ciclos de cine e de actividades audiovisuais
4. Salas de xogos de mesa e de outras actividades de lecer: fútbolín, billar, tenis de mesa, xadrez,....

5. Creación de clubs temáticos: lectura, book-crossing, idiomas, iniciación a informática, música.....
6. Ensaio de grupos musicais e actividades dirixidas no ámbito musical.
7. Rede de Internet e videoxogos.
8. Outras actividades coma: ioga, clases de baile, zumba,....
9. Cursos de orientación a xuventude:
  - a. Pasantía e axuda ao estudio;
  - b. Voluntariado e colaboración;
  - c. Asesoramento a asociación xuvenís;
  - d. Dinamización e apoio a proxectos de índole local e xuvenil;
10. Salas de estudio, de xuntanzas, para a celebración de aniversarios,...
11. Banco de tempo xuvenil.

Por iso, dende Podemos O Carballiño criticamos este parche que o PSOE pretende poñer e que nos parece que o único que pretende e acalar dita petición.

Iso sen mencionar que as obras licitadas e xa adxudicadas, en ningún momento falan de reestruturar espazos nin reubicar dita sala da biblioteca, como se pode comprobar na Plataforma de Contratación do Sector Público, Número de Expediente 4085/2019, nos pliegos de dito contrato que din claramente que esta obra adxudicada por un importe de 73.643,53 euros só se limita a traballos de cerraxería e carpintería metálica, unidades de climatización e instalacións de equipos de seguridade.

Dende Podemos O Carballiño, sumámonos a demanda das agrupacións XUCA e ASES GAL e instamos ao grupo de goberno do PSOE a que:

- Solicite á Xunta de Galicia a sesión e uso da Estación de Autobuses para dar collida á creación en ditas instalacións a Casa da Xuventude.
- Por ende, se trasladen os servizos de bus que se ven dando en dita estación á explanada da Estación de Tren do Carballiño, creando na mesma unha dársena Intermodal, dando así paralelamente un primeiro paso para mellorar e dotar de máis servizo de transporte público a nosa comarca.

Tamén nos comprometemos a levar dito proxecto de creación da Casa da Xuventude como emenda aos Orzamentos da Xunta de Galiza para este ano 2020. Uns orzamentos que volven deixar esquecida a nosa provincia en áreas como as que estamos a tratar: inversións en servizos públicos de transporte e en proxectos asociados ao ocio, cultura, deporte e a educación.

Porque as demandas da veciñanza teñen que ser atendidas. Pero con solucións que sexan realmente beneficiosas para as veciñas e veciños de O Carballiño e non só con arranxos e parches a curto prazo.

Círculo de Podemos no Carballiño-Ourense  
7 de novembro de 2019